



Roj: **STSJ GAL 7949/2015 - ECLI: ES:TSJGAL:2015:7949**

Id Cendoj: **15030330032015100888**

Órgano: **Tribunal Superior de Justicia. Sala de lo Contencioso**

Sede: **Coruña (A)**

Sección: **3**

Fecha: **04/11/2015**

Nº de Recurso: **7192/2011**

Nº de Resolución: **929/2015**

Procedimiento: **PROCEDIMIENTO ORDINARIO**

Ponente: **LUIS VILLARES NAVEIRA**

Tipo de Resolución: **Sentencia**

**T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.3**

**A CORUÑA**

**SENTENCIA: 00929/2015**

**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA**

**SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO**

**SECCIÓN TERCEIRA**

Praza de Galicia, S/N CP 15071 A CORUÑA

Tel. 981 185796

**Procedemento: PROCEDIMENTO ORDINARIO 7192/2011**

**Sobre:**

**Parte demandante: TURBITEC S.L.**

**Letrado/a: JOSE ANTONIO ROZALEN VILLASEÑOR**

**procurador/a: LUIS SANCHEZ GONZALEZ**

**Parte demandada: CONSELLERIA DE ECONOMIA E INDUSTRIA; EOLICA GALLEGA DEL ATLANTICO S.L.; EOLICA GALENOVA S.L.**

**Letrado/a: LETRADO DE LA XUNTA DE GALICIA; JOSE RAMON AIZPUN BOBADILLA; RAMON MARTINEZ MARTINEZ**

**Procurador/a: IGNACIO MANUEL ESPASANDIN OTERO, MARIA ANGELA OTERO LLOVO**

**Data: A Coruña, 4 de novembro de 2015**

**SENTENZA**

**Ilmo Sr. Presidente:**

Julio Cibeira Yebra Pimentel

**Ilmos.Sres.Magistrados :**

Juan Bautista Quintas Rodriguez

Luís Villares Naveira (Relator)

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro-. Actividade administrativa impugnada. Posicións das partes.**



A parte recorrente presenta unha demanda ante a Sala, que é aquendada a esta Sección, sendo designado Maxistrado Relator Luís Villares Naveira.

A demandante impugna a resolución de data 29/4/2011, desestimatoria do recurso de alzada contra a resolución de 30/4/2010, ditada pola Consellaría de Economía e Industria, pola que se publica a relación de solicitudes de outorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais RAI-DXI- 0145/10.

Os argumentos en que se fundamenta o escrito da parte demandante son os seguintes:

- a. Infracción da resolución da Consellaría de data 26/9/2002, pola que se aproba o PEE Enviroil-Unitec, por descoñecer o seu contido e actuar coma se fosen plans independentes, actuando así en vía de feito, xa que o Plan é único;
- b. Actuación arbitraria da Xunta derivada da situación anterior;
- c. A transmisión de dereitos entre privados non afecta á posición recoñecida pola administración.

A administración demandada oponse ás pretensións actoras polos seguintes motivos:

- a. Inadmisibilidade do recurso por falta de lexitimación activa, da mercantil recorrente;
- b. En canto ao fondo, corrección a dereito da resolución recorrida.

A codemandada Eólica Gallega del Atlántico SL oponse igualmente por falta de lexitimación activa, presentación extemporánea do recurso, por falta de acreditación da lexitimación para recorrer, e en canto ao fondo, corrección xurídica da actuación administrativa. En termos similares se deduce a oposición de Eólica Galenova, SL.

Na quenda de conclusións, a demandante rexeita as causas de inadmisibilidade, indicando que en todo caso a ausencia da acreditación do acordo societario para recorrer é un defecto subsanable que debeu ser requirido polo Tribunal, e ademais se achega a documentación acreditativa de tal extremo aos autos.

#### **Segundo-. Tramitación procesual. Proba practicada e contía do procedemento.**

Admitida a trámite a demanda e deducida polos trámites do procedemento ordinario, ten lugar a práctica da proba documental que obra en autos.

A contía do procedemento fixouse en indeterminada.

#### **Terceiro-. Feitos probados.**

Resultou probado neste procedemento que:

- a. O poder presentado no momento de interposición do recurso contencioso por parte do demandante é un poder xeral para preitos outorgado polos representantes legais de TURBITEC SL a favor do procurador representante da sociedade no litixio, realizado a presenza notarial en data 4/5/2006;
- b. A certificación estendida polos administradores mancomunados de TURBITEC SL en data 18/12/2014 non reflicte un acordo societario para a interposición de recurso contencioso anterior á data da súa presentación no decanato do Tribunal, de 18/3/2011;
- c. Non consta a inscrición da transmisión de dereitos derivados participación da adxudicataria do Plan Eólico Empresarial en ningún rexistro administrativo nin a existencia de ningún dereito de crédito sobre os resultados desa explotación opoñible á administración demandada.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **Primeiro. Sobre a falta de lexitimación activa do demandante.**

Baixo esta rúbrica as codemandadas formulan dúas causas de inadmisibilidade do recurso presentado, dunha banda por falta de acreditación da existencia do acordo societario para iniciar unha demanda contenciosa, e doutra, a falta de título que acredite o seu interese lexítimo. Analizarémolas por separado, antes de entrar no fondo do asunto, se houberse lugar a iso.

#### **A. Sobre a falta de acreditación da existencia do acordo societario para demandar.**

Sosteñen as demandadas a inexistencia do devandito acordo, que a demandante reputa defecto subsanable, que debeu ser advertido polo Tribunal, e que en todo caso se subsana na quenda de conclusións.



Confunde a parte demandante dúas cuestións diferentes: a acreditación da existencia do acordo societario que decide a interposición de recurso contencioso e a propia existencia do mesmo. A primeira situación admite **subsanción** mediante requirimento do Tribunal, na medida en que trata dun documento que debe ser acompañado coa demanda, e cuxa ausencia pode ser remediada mediante o trámite oportuno, tal como lembra o art. 138 LXCA :

" 1. Cando se alegue que algún dos actos das partes non reúne os requisitos establecidos pola presente Lei, a que se ache en tal suposto **poderá emendar o defecto** ou opoñer o que estime pertinente dentro dos dez días seguintes ao da notificación do escrito que conteña a alegación.

2. Cando o Xulgado ou Tribunal de oficio aprecie a existencia dalgún defecto emendable, o Secretario xudicial ditará dilixencia de ordenación en que o apunte e **outorgue o mencionado prazo para a corrección**, con suspensión, no seu caso, do fixado para ditar sentenza.

3. Só cando o defecto sexa insubsanable ou non se emende debidamente en prazo, poderá ser decidido o recurso con fundamento en tal defecto."

O documento que o demandante había presentar co escrito de interposición da demanda é o previsto no art. 45.2.a. LXCA :

"d) O documento ou documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos para establecer accións as persoas xurídicas con arranxo ás normas ou estatutos que lles sexan de aplicación, salvo que se incorporaron ou inserido no pertinente dentro do corpo do documento mencionado na letra a) de leste mesmo apartado."

Pois ben, o que permite a lei é a **subsanción** da non presentación co escrito de interposición do devandito documento, pero non a súa inexistencia, que constitúe un defecto insubsanable nos termos do art. 138.3. en relación co art. 69.b LXCA .

A obriga de requirimento á que se refire o demandante nas conclusións é para subsanar a falta de presentación, non a inexistencia do documento. E faise precisamente por ser a primeira situación unha simple omisión dun documento existente. Pero se o documento non existe, non se pode confeccionar *a posteriori* , porque tal vontade posterior non pode suplir a súa falta previa no momento de interposición do recurso, como ten declarado constante xurisprudencia ( *vid* . por todas as SSTS do Pleno da Sala Terceira de data 5/11/2008 ou a de 19/10/2010 , invocadas polas partes).

Pois ben, no caso de autos, o demandante presenta un simple poder para preitos a favor dun procurador (f. 18 de autos) de data 4/5/2006, que nada refire en relación á vontade de litigar da sociedade poderdante en relación ao asunto concreto, tal como esixe o art. 45.2.d. LXCA . Esta situación non se emenda na quenda de conclusións, onde presenta, ao f. 733 de autos, unha certificación de data 18/12/2014 onde se fai constar que a vontade da sociedade sempre foi a de recorrer, declaración que nin constitúe, nin pode suplir, o documento ao que se refire o art. 45.2.d., xa que o preciso é a vontade inequívoca de iniciar acción xudicial previamente á súa interposición (de data 18/3/2011), cousa que non sucedeu en ningún momento, nin se dá conta de ningún acordo societario en tal sentido.

Por esta razón a causa de inadmisibilidade do art. 69.c. LXCA en relación co art. 45.2.d. e 138.3. debe ser acollida, e o recurso declarado inadmisibile por falta de acordo que lexitime para litigar.

## **B. Sobre a falta de acreditación de lexitimación activa do litigante.**

Aínda que o recurso sexa xa inadmisibile, a título simplemente ilustrativo, entraremos a coñecer do segundo dos motivos alegados como causa de inadmisibilidade, por falta de acreditación de interese lexítimo para o recurso, por vía do art. 69.2. en relación co art. 19.1.a LXCA .

O demandante indica que recibe en pago de débeda o dereito a participar nunha porcentaxe de beneficios que a empresa debedora teña no Plan económico empresarial. Na nosa opinión, tal manifestación, mesmo aínda que conste profusamente documentada, non abonda para ter ao demandante como parte interesada no procedemento, xa que o tal acordo de pago vincula ao acredor e ao seu debedor, pero en modo ningún á administración, que non é parte en tal negocio xurídico privado, nin del se deriva a subrogación na posición xurídica de adxudicatario de ningún dereito que lle confira o estatuto de parte no procedemento administrativo, e por ende, no xudicial. En segundo termo, e como indicativo do anterior, non consta en ningún rexistro administrativo a inscrición válida da transmisión de dereitos do suposto acredor que se chama a ser parte no procedemento en relación de subrogación da posición debedora. En consecuencia, as relacións de crédito que sexan consecuencia do pago dunha débeda privada non confiren ao demandante a condición de parte por carecer dunha relación especial respecto da administración pública, tendo as mesmas un carácter estritamente civil, polo que tamén por este motivo tería que declararse a falta de acreditación dun dereito ou interese lexítimo que determine a súa lexitimación activa no procedemento.



Por estes dous motivos procede a declaración de inadmisibilidade do procedemento, sen que sexa preciso analizar o resto de causas ou entrar no fondo do asunto.

#### **Segundo-. Sobre as custas do procedemento.**

De conformidade co establecido no artigo 139.1 da LXCA na súa versión vixente no momento de se presentar a demanda, non se aprecian circunstancias que determinen a expresa imposición das custas procesuais a ningunha das partes.

Logo de ver os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, este Xulgado dita a seguinte

#### **DECISIÓN**

Que, con **declaración de INADMISIBILIDADE** do presente recurso contencioso-administrativo PO nº **7192/2011**, interposto contra a resolución de data 29/4/2011, desestimatoria do recurso de alzada contra a resolución de 30/4/2010, ditada pola Consellaría de Economía e Industria, pola que se publica a relación de solicitudes de outorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais RAI-DXI- 0145/10, debemos:

**Primeiro:** declarar a conformidade a dereito da resolución recorrida, que en consecuencia, confirmamos.

**Segundo:** Impoñer as custas deste procedemento á parte demandante.

**Réxime de recursos:** Contra esta sentenza cabe **recurso de casación ordinario** establecido no art.º 86 da Lei 29/1998 , de 13 xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dentro do prazo de dez días computados dende o seguinte á súa notificación, que se preparará ante esta Sala, a medio de escrito cos requisitos do art.º 89 da devandita Lei, para ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo.

Así mesmo poderá interpoñer contra ela calquera outro recurso que considere axeitado á defensa dos seus intereses.

**Depósito para recorrer:** Para admitir a trámite o recurso, ao interpoñer deberá constituírse na conta de depósito e consignacións deste Tribunal (1578-0000-85-7192-11-24), o depósito ao que se refire a Disposición Adicional décimo quinta da Lei Orgánica 1/2009 do 3 de novembro (BOE num. 266 de 4/11/09), e, no seu momento, devólvese o expediente administrativo á súa procedencia, con certificación desta resolución.

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.

**PUBLICACION.** - A sentenza anterior foi lida e publicada o mesmo día da súa data, polo Ilustrísimo Sr. Maxistrado/a Relator D. Luís Villares Naveira, ao estar a celebrar audiencia pública a Sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Dou fe.